



**MEMORIA XUSTIFICATIVA DO CONVENIO DE COLABORACIÓN ENTRE
A VICEPRESIDENCIA E CONSELLERÍA DE PRESIDENCIA,
ADMINISTRACIÓNS PÚBLICAS E XUSTIZA DA XUNTA DE GALICIA E A
AXENCIA DE NACIONS UNIDAS PARA OS REFUXIADOS DE PALESTINA
EN ESPAÑA (UNRWA ESPAÑA) PARA O PROXECTO “GARANTIR O
DEREITO HUMANO A UN NIVEL DE VIDA ADECUADO PARA A
POBOACIÓN REFUXIADA DE PALESTINA A TRAVÉS DA DISTRIBUCIÓN
DE ALIMENTOS”**

(1) A vicepresidencia e Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, a través da Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE e da súa Subdirección Xeral de Cooperación Exterior, é o órgano da Administración autonómica que ten atribuído o exercicio das competencias en materia de cooperación para o desenvolvemento.

No mencionado ámbito material, constitúe un dos obxectivos prioritarios sectoriais a acción humanitaria e de emerxencia, e xeográfico, os territorios ocupados palestinos no destino de este tipo de axuda.

(2) Antecedentes:

A situación nos territorios ocupados de Palestina e concretamente na Franxa de Gaza, é crítica dende fai varios anos, os continuos enfrontamentos e bloqueo do Goberno Israelí ten sumida á poboación palestina nunha crise humanitaria de longa duración.

No ano 2010 asinouse coa UNRWA un Memorando de entendemento a través da Fundación Axencia Humanitaria de Galicia (FAHG), para levar a cabo proxectos de cooperación e axuda humanitaria para contribuír a mellorar as condicións de vida dos refuxiados palestinos. En concreto, desenvolveuse un plan operativo en apoio ao programa de seguridade alimentaria de nenos e nenas na franxa de Gaza que obtivo moi bos resultados. O importe deste plan operativo foi de 20.000 €.

No ano 2011, trala extinción da FAHG, retomouse o apoio a esta Axencia das Nacións Unidas dende a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE, asinándose un



convenio de colaboración para apoiar o programa de “compensación alimentaria escolar da UNRWA en Gaza” por importe de 25.000 €.

No ano 2012 apoiouse novamente o citado programa de compensación alimentaria escolar en Gaza, coa sinatura dun convenio por importe de 25.000 €.

No 2013, en substitución do programa de compensación alimentaria escolar, suspendido tras unha nova ofensiva militar Israelí, asinouse un convenio para o apoio ao Programa de Axuda Alimentaria na Franxa de Gaza, por importe de 10.000 €.

No 2014 asinouse un convenio para dar continuidade ao noso apoio ao programa de compensación alimentaria familiar para reducir o impacto do bloqueio sobre as familias refuxiadas máis necesitadas, por importe de 20.000 €. Ademais o empeoramento da situación en Gaza, despois da operación Protective edge, fixo que se asinara un segundo convenio para brindar apoio psicosocial ás vítimas, por importe de 19.975 €.

No 2015, 2016 e 2017 mantívose o apoio da Xunta de Galicia ao programa de seguridade alimentaria para as familias coa firma de convenios anuais, cun importe de 20.000 € cada un.

(3) **Finalidade** Co fin de dar continuidade á asistencia humanitaria á poboación palestina, tense previsto formalizar coa Axencia de Nacións Unidas para os Refuxiados de Palestina, UNRWA España o instrumento convencional arriba referido por un período de vixencia que abrangue dende o 1 de xaneiro ata o 31 de decembro de 2018.

(4) O convenio ten por **obxecto** mitigar o impacto da inseguridade alimentaria entre os refuxiados de Palestina da Franxa de Gaza nunha situación de maior vulnerabilidade, a través do apoio ao Programa de Axuda Alimentaria na franxa de Gaza, coa finalidade de reducir a inseguridade alimentaria das persoas refuxiadas de Palestina na Franxa de Gaza que viven en pobreza absoluta e supoñen casos de especial protección a través da distribución de cestas alimentarias.

(5) Tendo en conta as especificidades que se requiren nas actuacións de atención ás persoas refuxiadas, que son de claro interese público humanitario e inciden directamente





no ámbito da poboación en xeral, a natureza específica da entidade destinataria así como a súa urxente posta en marcha, a Dirección Xeral de Relacións Exteriores e coa UE considera que o proxecto reúne os requisitos esixidos para a concesión directa da subvencións segundo o artigo 26 da Lei 9/2007, do trece de xuño, de subvencións de Galicia, e segundo o artigo 40 do Decreto 11/2009, do 8 de xaneiro, polo que se aproba o Regulamento da Lei de Subvencións de Galicia, ao non ser posible promover a concorrência pública dada a especificidade das actividades que son de interese público humanitario e a natureza da entidade destinataria da subvención.

(6) A Xunta de Galicia financiará o proxecto cunha achega total de 20.000 € (vinte mil euros), con cargo a aplicación orzamentaria 05.26.331A.490.0.

(7) (7) Polo exposto, considérase xustificada a utilización do instrumento do convenio para articular as actuacións de referencia, quedando o dito convenio fóra do ámbito de aplicación da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspoñen ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014, con independencia de que, ao abeiro do previsto no artigo 4 da dita norma, lle sexan de aplicación os principios desta lei para resolver as dúbidas e lagoas que se poidan presentar.

Asinado electrónicamente en Santiago de Compostela

A Subdirectora Xeral de Cooperación Exterior.

Pilar Romero Rodríguez

